

Unha visita inesperada

6º de Primaria

CEIP "Juan Rey" de Lourenzá

I. IDENTIFICACIÓN

Dende a biblioteca do centro propónse realizar unha investigación e documentación que sirva de proxecto para facer nas aulas xa que este curso Bibliotecas escolares de Galicia propón para todos os centros o lema "Biblioteca Escolar Territorio das Artes". Con esta proposta prepárase o desfile de entroido no centro coa elaboración do disface de "Meninas de Velázquez". O resultado final vai ser unha creación en vídeo. No curso de sexto van realizar dramatización do cadro utilizando o vestiario preparado e un diálogo elaborado por eles coa interpretación que fan diversos autores. Van grabar as diferentes escenas e ao final un selfie montando todo nun vídeo.

II. PERFIL CURRICULAR

Estándares	Competencias	Transversais
▪ CSB4.3.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.	▪ CSC, CCEC, CAA	EOE, EMP
▪ LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo.	▪ CCL, CD, CAA	TIC, EMP
▪ LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva.	▪ CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE	EMP, EC
▪ LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.	▪ CCL, CAA, CSIEE	EOE, EMP
▪ LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.	▪ CCL, CSC	EOE
▪ EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	▪ CCEC, CAA	CA
▪ EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	▪ CCEC, CAA, CD	CA, TIC, EMP

III. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Estándares	Actividades	Exercicios	Agrupamento/ espazo	Temporaliz
LCB2.7.1.	Investigamos sobre o cadro "As Meninas" de Velázquez (autor, estilo, interpretación)	Buscamos en google: "Las Meninas de Velázquez"	Grupo clase Biblioteca	1 sesión
		Presentamos o cadro e comentamos (autor, estilo, interpretacións da escena)	Grupo clase Aula Ordinaria	1 sesión
CSB4.3.3	Buscamos información sobre Lourenzá na época de Felipe IV	Buscamos información sobre o conde Osorio e o mosteiro ata atopar o século XVII	Grupos de 3 Aula Informática	1 sesión
		Visitamos o Mosteiro e a igrexa	Grupo clase saída	2 sesión
LCB1.8.3.	Analizamos o cadro e as diferentes interpretacións da escena	Recollemos notas sobre as diferentes interpretacións do cadro para elaborar un diálogo.	Grupos de 4 Aula Ordinaria	1 sesión
		Elaboramos un borrador sobre unha posible conversa de Velázquez coa Infanta Margarita	Grupos de 4 Aula Ordinaria	1 sesión
LGB3.1.2	Damos vida aocadro cun diálogo entre os principais personaxes	Recordamos os elementos de cohesión dun texto e practicamos enunciados sobre o argumento do cadro.	Grupo clase Aula Ordinaria	2 sesións
		Elaboramos un diálogo entre os principaispersonaxes para representar.	Individual Aula Ordinaria	
EPB1.1.2	Observamos o cadro para meternos nos personaxes	Observa o cadro e interpreta: que pensa? Que sente? Que transmite cada personaxe?	Grupo clase Aula Ordinaria	1 sesión
		Comenta que elementos do cadro nos transmiten cada impresión		
LGB2.7.5.	Que está pasando no cadro? Interpreta e representa o que fan os personaxes	Le o diálogo dramatizando costeuscompañeiros .Ensaia a entonación facendo as voces dos personaxes	Grupo clase Aula Ordinaria	2 sesións
		Representa o diálogo como unha pequena obra.		
EPB1.2.7.	Preparamos a grabación	Repasamos o necesario para grabar a representación: fondo, situación, pizarra con apuntes...e deixamolo listo	Grupo clase Laboratorio	1 sesión
		Representamos para grabar en vídeo.		1 sesión

IV . AVALIACIÓN: RÚBRICA

RÚBRICA					
Estándares	Suf	Ben	Not	Sob	Instrumentos
LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos...	Busca en google ata tres fontes diferentes	elixe a información que se axusta ao criterio	comproba a veracidade nas diferentes fontes	selecciona a información axeitada e máis relacionada co tema	Rexistro observación
CSB4.3.3. Explica aspectos relacionados ... das distintas épocas históricas estudadas.	Diferencia a etapa histórica do Conde Osorio da que estudamos	enumera as diferentes épocas do Mosteiro de S. Salvador dende o Conde Osorio	relaciona diferentes elementos vistos no mosteiro cos estudados	explica a influencia de Felipe IV no mosteiro	Rexistro de observación
LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades...	Explica a escena dende os dous puntos de vista	inventa o que diría algún dos personaxes	incorpora algún elemento que aparece no cadro	transmite o sentido con expresións da época	Rexistro de observación
LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.	No diálogo entre a Infanta Margarita e Velázquez as oracións son coherentes e teñen sentido.	non hai repeticións e utiliza algún conector	utiliza sinónimos, pronomes e mais de dous conectores	logra transmitir o argumento coa linguaxe da época histórica	Cartafol/ caderno
EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	Identifica e nomea elementos do estilo: foco de luz, punto de fuga...	explica a expresión dos personaxes	relaciona os elementos do estilo coas emocións dos personaxes	introduce elementos personales que melloran e enriquecen os personaxes e a escena	Cartafol
LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.					Rexistro de observación
EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación ... creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	Respeto o tempo de traballo no grupo	responsabilízase da súa parte	fai aportación persoal	lidera e coordina o grupo	Rexistro observación